ADDENDA AO CAPÍTULO II.12 DO PEC “OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHARELATO”, aprobada en CE a data de 6 de abril de 2022

Seguindo a *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, procédese a modificar o apartado de avaliación e titulación de bacharelato para adaptalo á nova lexislación LOMLOE.*

Suprímese o apartado de avaliación do PEC que é subtituido polo artigo 13 da Orde do 25 de xaneiro: http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0598-260122-0001_gl.pdf

Suprímese así mesmo o apartado da obtención do título de bacharelato quedando redactado como sigue:

Artigo 17. Obtención do título de bacharel polo réxime de persoas adultas

1. As alumnas e os alumnos que cursen o bacharelato polo réxime para persoas adultas obterán o título sempre que obtivesen avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato, ou en todas as materias agás unha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno **alcanzou as competencias e os obxectivos** vinculados a ese título.

b) Que **non se produciu un abandono da materia** por parte da alumna ou do alumno, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

c) Que a alumna ou o alumno **se presentou a todas as probas** e **realizou todas as actividades necesarias para a súa avaliación**, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que **a media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa sexa **igual ou superior a cinco.**

Os criterios establecidos polo centro son os seguintes: considerase que hai "abandono manifesto" nunha materia cando se de polo menos unha das seguintes circunstancias:

a) Número de faltas. Se ao longo do curso o alumno/a alcanza un número de faltas sen xustificar igual ou superior ao 50% das títorías lectivas presenciais asignadas no cómputo anual a unha materia.

b) Falta de atención,traballo e participación e interese nas titorías lectivas presenciais.

d) Puntuación nas convocatorias oficiais inferior a 1.

As faltas de asistencia deberán estar xustificadas documentalmente ante a persoa coordinadora de bacharelato no prazo máximo de tres días despois da ausencia, acompañando, segundo proceda:

1. Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
2. Documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro ou segundo graos.
3. Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.

Seguindo o Protocolo Educativo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia considéranse faltas xustificables:

1. Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:
a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.
e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

2. No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non.

A directora

Asdo: Ana Isabel Muñoz González